

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CARBALLO E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS PARA A DIFUSIÓN DA OBRA DE MANUEL MARÍA

En Carballo a 21 de marzo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, o Concello de Carballo, situado na praza do Concello s/n 15100 Carballo (A Coruña), e na súa representación, o Alcalde don Evencio Ferrero Rodríguez, con DNI: 76.321.421-S, en exercicio das funcións e competencias que lle atribúe o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E da outra, Dna. Saleta Goi García, presidenta da Fundación Manuel María de Estudos Galegos, C.I.F. G70109376, en nome e representación da Fundación, con sé na rúa F, 27150 Outeiro de Rei (Lugo).

Ambos os representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das entidades que representan o presente convenio e

EXPOÑEN:

- 1.** Que o Concello de Carballo ten asignadas entre as súas competencias, en virtude do artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, a promoción de todo tipo de actuacións e servizos que contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa veciñanza. Concretamente, como competencias propias municipais, o art. 25.2.m) menciona a promoción da cultura.
- 2.** Que a Fundación Manuel María de Estudos Galegos é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral.
- 3.** A Fundación foi constituída perante notario mediante escritura outorgada o 20 de marzo de 2007. Foi declarada de interese galego mediante Orde da Consellaría de Cultura e Deporte de 11 de Xuño de 2007 (DOG nº 122, de 26 de xuño). A Consellaría de Cultura e Deporte exerce o protectorado sobre ela, conforme á Orde da Consellaría de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza de 22 de maio de 2007 (DOG nº 103 de maio de 2007). Figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións co número 2007/06.
- 4.** A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas nos anos da posguerra, sendo o primeiro autor novo que publicou un libro en galego tras a guerra civil (Muiñeiro de brétemas, 1950). O seu corpus literario comprende máis de cen obras de poesía, narrativa e teatro. A súa obra poética constitúe un dos territorios creativos máis ricos da literatura galega. A súa obra foi recoñecida con numerosos premios, entre os que destacan o Premio Otero Pedrayo -que outorgan as catro deputacións galegas-, o Pedrón de Ouro, o premio Celanova, casa dos poetas, e o premio Irmandade do Libro, así como o título de Fillo Adoptivo de varias cidades e vilas e Fillo Predilecto da súa vila natal, Outeiro de Rei. No ano 2003 entrou na Real Academia Galega, cargo para o que xa fora proposto en 1968 polos académicos Xosé María Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brei e Francisco Vales Villamarín. No ano 2016 a RAG designouno como o autor ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas.
- 5.** O recoñecemento público de Manuel María como poeta non debe ocultar o seu abondoso e acertado cultivo do teatro. O escritor chairego, consciente do seu valor didáctico, deixounos escritas nada menos que 36 pezas dramáticas de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantis...) e de temática moi variada, que o converten nun dos dramaturgos galegos máis prolíficos. Estas

circunstancias fan aconsellábel a colaboración mutua das institucións públicas e privadas para a difusión deste importante legado literario.

6.- Ambas as dúas institucións expresan a súa vontade de colaborar para difundir a obra de Manuel María. Na súa virtude o Concello de Carballo e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos formalizan o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Finalidade do Convenio

A finalidade deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Carballo e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para o desenvolvemento do I CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS que ten por obxecto promover a representación da súa obra teatral entre o público galego.

SEGUNDA.- Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes asinantes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos:

a) A Fundación Manuel María de Estudos Galegos asume as seguintes obrigas:

1. Convocar o "Certame Manuel María de Proxectos Teatrais" para compañías profesionais e resolver dita convocatoria concedendo o premio ao proxecto mellor valorado segundo as Bases da convocatoria que se anexan a este convenio.
2. Achegar ao Concello a certificación da concesión do premio coa expresión da compañía e do proxecto gañador.
3. Facer constar a colaboración do Concello de Carballo en canta publicidade se realice do mencionado premio.
4. Realizar unha achega económica de 2.000 euros á compañía gañadora de dito premio condicionada á realización do proxecto presentado.

b) O Concello asume as seguintes obrigas:

1. Incluír dentro da súa programación teatral do ano 2020 a representación da obra de teatro '*O meu mundo non é deste reino ou Farsa de Bululú*' da compañía Teatro da Ramboia, gañadora do I CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS do ano 2018, convocado pola Fundación.
2. Concertar coa Compañía gañadora a representación da obra teatral no transcurso do ano 2020.
3. Aboar o caché do espectáculo '*O meu mundo non é deste reino ou Farsa de Bululú*' da compañía Teatro da Ramboia, gañadora do I CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS do ano 2018, que ascende a 1.772 euros (impostos incluídos) xa for con fondos propios ou doutras administracións públicas ou privadas, previa presentación da factura pola función realizada, e poñer a disposición da compañía o equipamento técnico dispoñible no Pazo da Cultura e o servizo técnico para a realización da dita función.
4. Facer constar na cartelaría e publicidade en xeral da mencionada representación o feito de ser a obra "Premio do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais".

TERCEIRA.- Comisión de seguimento

1. Para o seguimento do convenio constituirase unha Comisión mixta na que estarán representados paritariamente o Concello e a Fundación.
 - a. Polo Concello, formará parte da Comisión o alcalde ou persoa en quen delegue, así como dous membros do persoal do Concello.
 - b. Pola Fundación, formará parte da Comisión a presidenta ou persoa en quen delegue, así como dúas persoas elixidas por ela.
2. A Comisión establecerá as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes, e en todo caso polo menos unha vez ao ano. Así mesmo deberá levantar acta de todas as reunións por escrito coa sinatura dos representantes de ambas as partes.
3. A Comisión de seguimento traballará para garantir, coordinar e avaliar os obxectivos e resultados derivados da execución do presente convenio.

CUARTA.- Vixencia do convenio

1. O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia máxima será de dous anos.
2. As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente convenio comunicándoo por escrito á outra parte con seis meses de antelación á data de terminación.

QUINTA.- Interpretación e aplicación do convenio

1. O Concello resérvase a facultade de interpretar o presente convenio e de resolver as cuestións que puidesen xurdir sobre o seu cumprimento, á vista do informe da Comisión de seguimento.
2. En caso de conflito na interpretación, aplicación e execución deste convenio, as partes quedan sometidas á competencia dos tribunais da Coruña, con renuncia a calquera outro foro que puiden corresponder.

E en proba de conformidade, asinan o presente documento no lugar e data ao principio indicados.

Polo Concello de Carballo

Pola Fundación Manuel María
de Estudos Galegos

Asdo/ Evencio Ferrero Rodríguez

Asdo/ Saleta Goi García